

Desaparece a Planta de Residuos de Vilalba que o concello nunca puxo en marcha, malia ser recibida da Consellería hai máis de 8 anos

Os socialistas solicitan ao alcalde que inclúa na Orde do Día do Pleno a súa proposta, co fin de que o rexedor dea explicacións de tal inacción. E é que a infraestrutura superou os 300.000 euros de investimento e hoxe supón “un almacén de lixo e de refugallos”

De non aceptar a iniciativa do PSOE, este Grupo pedirá a convocatoria dunha sesión extraordinaria, xa que se trata dun asunto “de extrema gravidade e con gran interese para a cidadanía”

Recoñecen que queren ser prudentes, pero unha vez coñecidas as explicacións do rexedor, anuncian que tomarán as decisións que consideren oportunas, “reservándonos o dereito de demandar as responsabilidades que vexamos indicadas”

VILALBA, 3 DE XANEIRO DE 2015.- Os socialistas de Vilalba pedirán ao equipo de goberno incluír na Orde do Día do Pleno que o alcalde dea explicacións “claras e concretas” dos motivos polos que aínda “non foi quen” de poñer marcha a Planta de Residuos de Construción e Demolición (RCDs), que foi entregada pola Consellería de Medio Ambiente á entidade local hai máis de oito anos, é dicir, en 2006.

De feito, esta non é a única vez na que o PSOE demanda información ao rexedor, pois trátase dunha infraestrutura moi relevante para o vilalbeses, que superou os 300.000 euros de investimento. Xa o fixeron publicamente en 2012 e incluso levaron este asunto ao Pleno ata en dúas ocasións. Por iso, aseguran que “novamente nos vemos na obriga de dirixirnos ao goberno municipal, concretamente ao alcalde e ao concelleiro responsable, para que nos digan que foron dos máis de 50 millóns das antigas pesetas que se gastaron nesta Planta; millóns que se esfumaron por culpa do Goberno do Partido Popular de Vilalba que dirixe e preside Gerardo Criado Guizán”.

Como proba disto, subraian, “é que calquera pode constatar que a Planta hoxe non só non existe, senón que desapareceu e se converteu nun almacén de lixo e de refugallos sen control”. Esta crítica situación chega ata tal punto, aseguran con certa ironía, que incluso “podemos ver o libro escrito por Pedro Arias Veiras: *España va bien, claves y dilemas de la prosperidad española*”.³

Responsabilidades

Asemade, recoñecen que queren ser prudentes con este asunto, pero unha vez coñecidas as explicacións, anuncian que tomarán as decisións que consideren oportunas, “reservándonos o dereito de demandar as responsabilidades que vexamos indicadas”. Tal é así que, no caso de que o rexedor no inclúa o asunto na Orde do Día do vindeiro Pleno, solicitarán a convocatoria dunha sesión extraordinaria. “O tema é de extrema gravidade e de interese como para que sexa abordado polos que teñen responsabilidades de goberno no noso concello”, conclúen.